



**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DE OURENSE E  
A SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE SA PARA A  
XESTIÓN DAS PLANTAS DE TRANSFERENCIA DE RESIDUOS  
SÓLIDOS URBANOS  
NA PROVINCIA DE OURENSE**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

		Revisión: 0
ELABORACIÓN Data: 24/05/2021	REVISADO Data: 24/05/2021	APROBADO Data: 24/05/2021
D <sup>a</sup> Asunción Villa Álvarez Xefa Área Económica	D. Isidro García Téllez Director Xeral	D. Javier Domínguez Lino Presidente

## Indice

<b>0. Obxecto</b>	<b>3</b>
<b>1. Antecedentes</b>	<b>4</b>
<b>2. Finalidade e Obxecto do Convenio. Análise económico</b>	<b>8</b>
<b>3. Fundamentación do instrumento convencional</b>	<b>10</b>
<b>4. Informe da Asesoría xurídica</b>	<b>12</b>
<b>5. Certificado de existencia de crédito suficiente</b>	<b>13</b>
<b>6. Certificado artigo 14 da Lei 2/2011</b>	<b>14</b>
<b>7. Partida presupuestaria en el PAIF 2021</b>	<b>15</b>
<b>8. Borrador Convenio coa Deputación Provincial de Ourense</b>	<b>16</b>

## **0. Obxecto**

O obxecto da presente memoria é definir os aspectos fundamentais en que consistirá é definir as condicións, características e alcance do convenio a formalizar entre SOGAMA e a Deputación Provincial de Ourense por un período de vixencia que abrangue un período de catro anos dende o 1 de xullo de 2021.

## 1. Antecedentes

O sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos, xestionado de acordo co disposto na Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, realízase a través da sociedade do sector público autonómico Sociedade Galega de Medio Ambiente (creada polo Decreto 111/1992 de 11 de abril. En adiante SOGAMA), e configúrase como un modo de xestión colectiva dos residuos municipais cuxa finalidade de interese xeral é a de conseguir, en cooperación coas entidades locais adheridas ao sistema, o mellor resultado ambiental global no tratamento dos residuos domésticos procurando a máxima eficiencia no uso dos recursos públicos.

Ao igual que na anterior Lei de residuos de Galicia (Lei 10/2008, de 3 de novembro), a actual Lei 6/2021, establece nos artigos 9 e 10 as competencias das entidades locais e a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, da que depende SOGAMA, e establece a posibilidade de promover a coordinación entre as administracións autonómica e local, así como a súa colaboración e cooperación, coa finalidade de realizar as accións necesarias para a consecución dos obxectivos establecidos na lei e na planificación en materia de residuos.

Dentro do Plan Xeneral de Residuos Sólidos de Galicia 1999-2009 (DOG 4 de xuño do 1999) establecíase unha planificación das instalacións de tratamento necesarias para cumprir os seus obxectivo segundo a análise da situación da xestión de residuos en Galicia e as previsións de futuro nese momento.

Nun primeiro momento planificouse a construción de catro plantas de transferencia de residuos na provincia de Ourense a realizar e xestionar por SOGAMA das que se construíron dúas (unha en San Cibrao das Viñas e outra na Rúa). Nembargante, dos diferentes estudos e análises realizados e sobre a base da dispersión poboacional detectouse que resultaba mais eficiente e económico a construción de microplantas que reduciran as distancias máximas de transporte de lixo dende os puntos de recollida ás plantas de transferencia executadas por SOGAMA.

En setembro do ano 2002 asinouse un convenio entre a Deputación Provincial de Ourense, a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e a mercantil SOGAMA na que se estableceu a obriga por parte da Deputación da construción de once microplantas de transferencia de residuos sólidos urbanos na provincia de Ourense e a obriga de SOGAMA de asumir a súa explotación. A Deputación Provincial de Ourense, en execución do Plan Provincial de Xestión de

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**  
**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E SOGAMA**  
**PARA A XESTIÓN DAS PLANTAS DE TRANSFERENCIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NA**  
**PROVINCIA DE OURENSE**

Residuos Sólidos Urbanos financiado con cargo ao Fondo de Cohesión, construíu once microplantas de transferencia de residuos sólidos urbanos na provincia de Ourense contando cos preceptivos títulos habilitantes para a realización da súa actividade. Son as seguintes:

<b>PLANTA</b>	<b>ÁMBITO TERRITORIAL</b>
O Carballiño	Beaiz, Boborás, O Carballiño, Irixo, Maside, Piñor, Púnxín, San Amaro e San Cristovo de Cea
O Ribeiro	Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón e Rivadavia
Terra de Celanova	A Bola, Celanova, Cartelle, Gomesende, A Mera, Padrenda, Pontedeva, Quintela de Leirado, Ramirás e Vereá
A Limia	Baltar, Os Blancos, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Santos e Xinzo de Limia (Calvos e Randín), (Vilar de Barrio)
Monterrei	Castelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Verín e Vilardevós
Santa Águeda	Amoeiro, Coles, A Peroxa e Vilamarín
Ourense	Baños de Molgas, Esgos, Maceda, Montederramo, Nogueira de Ramuín, Parada do Sil, A Teixeira, Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadañedo, (Vilar de Barrio), (Castro Caldelas)
Navea-Bibeí	Castro Caldelas, Chandreza de Queixa, Manzaneda, A Pobra de Trives e San Xoán de Río
Baixa Limia	Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños
Conxo-Frieiras	A Mezquita, A Gudiña, Riós e Vilariño do Conso
Viana do Bolo	Viana do Bolo e (A Veiga)

Posteriormente, no ano 2004 e en substitución do anterior, a Deputación asinou outro convenio con SOGAMA na que a Deputación cedía a SOGAMA os equipos e instalacións necesarios para a realización das operacións de transferencia de residuos (once microplantas tipo T2 e T3 totalmente equipadas) e tres cabezas tractores con semiremolque cos seus colectores de transporte e SOGAMA explotaba as instalacións cedidas asumindo a utilización e mantemento dos bens, equipos e instalacións cedidas soportando os custos da explotación e mantemento.

Unha das condicións do convenio do ano 2004 era que SOGAMA se facía cargo da xestión das microplantas sempre que os concellos aos que se lle presta o servizo non tiveran débedas con ela, requisito que non se cumpriu. Isto motivou que o pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria de 28 de abril de 2006 declarara como servizo público supramunicipal de competencia provincial a prestación do servizo de transferencia de residuos sólidos urbanos a través das microplantas de transferencia de ámbito supramunicipal da súa titularidade. Esta delegación podía deixarse sen efecto no caso de que a Deputación Provincial chegase a un acordo para a transferencia das microplantas á SOGAMA.

O mesmo órgano de goberno delegou a xestión das microplantas nas mancomunidades ás que pertencen a maior parte dos municipios definidos no seu ámbito territorial o que propiciou a posta funcionamento e a xestión do sistema aínda que SOGAMA soamente asumirá a loxística de transporte entre esas microplantas e as construídas por SOGAMA.

Do seguimento realizado constatouse a redución dos gastos de loxística e o aforro na construción, xestión e mantemento de dúas ecoplantas das catro inicialmente previstas chegando á conclusión de que melloraba a eficiencia da xestión e a eficacia económica o feito de que a Deputación xestionara (directa ou indirectamente) as microplantas e SOGAMA aboara unha determinada cantidade por cada tonelada transferida.

Baixo este principios asinou un Convenio de Colaboración entre a Deputación e SOGAMA para a xestión das microplantas de transferencia de residuos sólidos urbanos da provincia de Ourense no ano 2010 cunha vixencia de catro anos que se prorrogou por acordo do Pleno Provincial de 27 de decembro do 2013. Neste convenio a Deputación Provincial de Ourense cedíalle trinta e sete colectores de alta capacidade para transporte de lixo por estrada a SOGAMA e mantíña a xestión do funcionamento das microplantas da súa titularidade mentres que SOGAMA debía destinar os equipos cedidos ao seu uso no sistema integrado de xestión de residuos sólidos

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**  
**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E SOGAMA**  
**PARA A XESTIÓN DAS PLANTAS DE TRANSFERENCIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NA**  
**PROVINCIA DE OURENSE**

---

urbanos na provincia de Ourense, recolle-los residuos tratados nas microplantas provinciais, asumindo a súa titularidade dende a entrega e aboarlle a Deputación Provincial de Ourense as cantidades de 2.700 €/unidade, IVE excluído, pola entrega dos 37 colectores e 3,65 €, IVE excluído, por cada tonelada de lixo entregada.

En xuño de 2017, asinase un novo convenio con vixencia ata 2021, coa finalidade de continuar a cooperación entre ambas entidades, na mesma liña de procurar mediante dita cooperación, a consecución dunha redución de custos e eficiencia na prestación do servizo público de xestión dos residuos domiciliarios, sendo autorizado por acordo do Consello da Xunta na súa reunión do día 18 de maio de 2017. Acompáñase copia do certificado de acordo.

O vixente Plan Xeneral de Residuos Sólidos Urbanos 2010-2022 mantén a planificación das instalacións de tratamento actuais na zona sur de Galicia e, polo tanto xustifica tamén a continuidade da colaboración entre ambas partes.

Sendo mais vantaxoso o sistema de xestión das microplantas para todos os implicados, e, en última instancia, para os cidadáns é polo que se propón un novo convenio de colaboración entre esta Administración e a mercantil autonómica SOGAMA ao mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos e contribuír á realización de actividades de utilidade pública.



## XUNTA DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta na súa reunión do día dezaioito de maio de dous mil dezasete adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

“Autorizar a sinatura do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e a Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. para a xestión das plantas de transferencia de residuos sólidos urbanos da provincia de Ourense por un importe de oitocentos noventa e oito mil setecentos euros (898.700 €), de acordo coas seguintes anualidades:

Anualidade	Nº de meses	Estimación de toneladas	€/Tn	Importe € sen IVE	Importe € IVE INCLUIDO (10%)
2017 (desde xullo ata decembro)	6	21.500,00	4,75	102.125,00 €	112.337,50 €
2018	12	43.000,00	4,75	204.250,00 €	224.675,00 €
2019	12	43.000,00	4,75	204.250,00 €	224.675,00 €
2020	12	43.000,00	4,75	204.250,00 €	224.675,00 €
2021 (desde xaneiro ata xullo)	6	21.500,00	4,75	102.125,00 €	112.337,50 €
Total	48	172.000,00		817.000,00 €	898.700,00 €

E para que conste, asina a presente co visto e praxe do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a dezaioito de maio de dous mil dezasete.

Vº. e Praxe:  
O PRESIDENTE



## 2. Finalidade e Obxecto do Convenio. Análise económico

O obxecto do convenio e regula-la cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e SOGAMA para a xestión das once microplantas de transferencia de residuos sólidos urbanos propiedade da Deputación Provincial que se relacionan no apartado anterior e que teñen a condición de bens de dominio público e servizo público.

En relación ó impacto económico, para realizar o estudo de custos de operación se debe considerar que os custos de transferencia teñen dous capítulos ben diferenciados, os custos de transferencia do lixo en cada unha das plantas e o transporte dende estas ata o Complexo Medioambiental de Cerceda (CMC).

Respecto ao custo de operación é evidente que a operación de dúas plantas previstas inicialmente no plan de residuos é menor que a operación de once instalacións, pero a vantaxe de que a xestión destas instalacións sexa realizada por persoal da Deputación estriba en que o mesmo persoal que ten que atender aos puntos limpos (que non dependen de SOGAMA e teñen que estar operativos) se encarga paralelamente da xestión das plantas de transferencia. Deste xeito se reparten os custos do persoal entre as instalacións que dependerían de Sogama e outras instalacións anexas que dependen da Deputación. O estudo de custos que fai a Deputación de Ourense das once instalacións de transferencia resúmese no seguinte cadro:

CONCEPTO		TOTALS	
<b>Transferencia anual</b>		<b>46.616 Tm/ano</b>	
<b>Custo de OPERACIÓN</b>	Personal	14.700,03 €/mes	<b>176.400,41 €</b>
	E.Eléctrica	2.539,33 €/mes	<b>30.472,00 €</b>
	Serv. Mcps	241,67 €/mes	<b>2.900,00 €</b>
	Comuniciós	332,74 €/mes	<b>3.992,93 €</b>
	Mantto. Prev.	2.366,67 €/mes	<b>28.400,00 €</b>
	Mantto. Corrtv.	833,33 €/mes	<b>10.000,00 €</b>
	Inspc. Básculas	412,50 €/mes	<b>4.950,00 €</b>
	Inspc. Electr.	610,04 €/mes	<b>7.320,50 €</b>
<b>Custo anual</b>		<b>264.435,84 €</b>	
<b>Custo por Tm transferida</b>		<b>5,67 €/Tm</b>	

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**  
**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E SOGAMA**  
**PARA A XESTIÓN DAS PLANTAS DE TRANSFERENCIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NA**  
**PROVINCIA DE OURENSE**

---

Deste custo a Deputación de Ourense asume a cantidade de 0,77 euros por tonelada, asumindo SOGAMA como compensación a Deputación o resto do custo de operación das plantas, isto é 4,90 euros por tonelada, o que é un importe inferior ao que actualmente está aboando ao xestor que actualmente xestiona a rede de plantas de transferencia propias de SOGAMA.

Tendo en conta unha estimación de 46.616 toneladas de residuos ao ano xestionadas nas once instalacións de transferencia, o importe estimado do convenio para SOGAMA e de 913.673,60 euros sen IVE para os catro anos de duración (1.105.545,06 euros IVE engadido).

Ademais, segundo os datos que tamén se reflicten na memoria da Deputación, a estimación de kilómetros de transporte dende as once plantas de transferencia ata o CMC e de 938.479 Km/anuais, mentres que dende as dúas instalacións que no seu momento tiña previstas construír SOGAMA serían 957.935 km./anuais, o que tamén supón aforro, podendo mencionar tamén o efecto positivo sobre o medio ambiente.

### 3. Fundamentación do instrumento convencional

Como xa se adiantou nos antecedentes e no apartado anterior, o convenio de colaboración supón vantaxes para as dúas entidades asinantes das que para SOGAMA se poden destacara as seguintes:

- Se reduce os custos de loxística que debe soportar no caso de que tivese que construír as dúas ecoplantas previstas inicialmente así como o aforro nos custes de construción e inversión.
- Se reduce o número de kilómetros para o transporte de residuos, o que supón ademais un menor impacto medio ambiental.
- Ao asumir a deputación parte dos custos de xestión das súas instalacións, se produce un aforro no importe de operación e mantemento que actualmente aboa SOGAMA a o xestor da súa propia rede de plantas de transferencia.

Engadido ao anterior, é preciso destacar o aforro que supón para os concellos, e por ende para os cidadáns, a solución adoptada pola Deputación (once plantas en lugar de dúas máis grandes previstas por SOGAMA), pois se reducen considerablemente as distancias que teñen que percorrer os camións de recollida municipal dos concellos. Isto último, cobra maior relevancia ao ter en conta a diseminación poboacional e a complicada orografía que ten a provincia de Ourense.

Como xa se mencionou anteriormente, Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia establece a posibilidade de promover a coordinación entre as administracións autonómica e local, así como a súa colaboración e cooperación, coa finalidade de realizar as accións necesarias para a consecución dos obxectivos establecidos na lei e na planificación en materia de residuos, polo que este convenio responde tamén a esta previsión legal de colaboración entre administración e entidades do sector público.

Os anteriores antecedentes e finalidade, así como que os intereses converxentes das partes asinantes en orden á consecución do obxecto referido que exclúen o ánimo de lucro, non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**  
**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E SOGAMA**  
**PARA A XESTIÓN DAS PLANTAS DE TRANSFERENCIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NA**  
**PROVINCIA DE OURENSE**

---

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, estando encadrado o convenio no suposto de artigo 6 da devandita norma, todo elo con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da LCSP, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

#### **4. Informe da Asesoría xurídica**

Remítese copia do Informe da Asesoría xurídica da Xunta de Galicia de data 18 de maio de 2021.

Examinado o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e a Sociedade Galega de Medio Ambiente SA (SOGAMA) para a xestión das plantas de transferencia de residuos sólidos urbanos na provincia de Ourense esta Asesoría Xurídica emite o seguinte INFORME:

#### I.- DESCRICIÓN DO CONVENIO REMITIDO A INFORME

1.- O convenio remitido a informe ten por obxecto regular a cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e Sogama en relación coa xestión de 11 microplantas de transferencia de residuos sólidos urbanos. Estas 11 microplantas, relacionadas no anexo do convenio, son de titularidade da Deputación e mediante o convenio mantense a súa integración no sistema de xestión de residuos urbanos, promovido pola Xunta de Galicia e xestionado por Sogama.

O réxime de obrigacións das partes é o seguinte:

\* A Deputación de Pontevedra debe xestionar, directa ou indirectamente, o funcionamento das 11 microplantas da súa titularidade. Esta xestión:

- debe realizarse de acordo co Plan de xestión de residuos sólidos urbanos de Galicia,
- en condicións que permitan a entrega dos residuos a Sogama.
- unicamente respecto de residuos de concellos ou outras entidades locais integradas no sistema de xestión de residuos de Sogama e que, en consecuencia, teñan contrato de servizo en vigor con Sogama.

\* SOGAMA, pola súa banda, asume as seguintes obrigacións:

- Recoller os residuos tratados nas microplantas, asumindo a súa completa xestión a partir dese momento. **Nótese o erro tipográfico ao describir esta obriga:** o convenio determina literalmente que Sogama se compromete a *“Recoller os residuos tratados nas microplantas provinciais, asumindo a súa propiedade dende a entrega e procedente a súa completa*



*xestión a partir desde momento”;* **entendo que a palabra “procedente” debe substituírse pola palabra “proceder”.**

- Pagar á Deputación de Ourense como compensación a cantidade de 4,90 € por tonelada de lixo entregada.

O convenio detalla o réxime aplicable a cada unha destas obrigacións (en particular no que afecta o pago por Sogama da compensación á Deputación de Ourense polos gastos que incorre na xestión das microplantas -consecuencias da demora no pago, estimación do importe máximo a abonar por Sogama...), a constitución da comisión de seguimento do convenio e o réxime aplicable á mesma, a duración do convenio (4 anos), as súas causas de resolución, a súa natureza xurídica e xurisdición competente para resolución de controversias entre as partes, así como outras cuestións complementarias do mesmo (publicidade, ausencia de relación laboral entre Sogama e o persoal que executa as obrigacións asumidas pola Deputación e a conformidade sobre a execución dos convenios subscritos con anterioridade entre Sogama e a Deputación).

2.- Tanto na memoria xustificativa que acompaña ao convenio como no propio convenio, no seu parte expositiva, relaciónanse os convenios anteriores subscritos entre Sogama e a Deputación de Ourense para a xestión institucional dos residuos sólidos urbanos na provincia de Ourense a través destas microplantas de transferencia pertencentes á Deputación.

## II.- INFORME XURÍDICO

3.- A Sociedade Galega de Medio Ambiente, SA, (en diante SOGAMA) é unha sociedade mercantil pública da Comunidade Autónoma de Galicia de acordo co artigo 102 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Foi creada polo Decreto 111/1992, do 11 de abril, da Xunta de Galicia, e está adscrita á Consellería de Medio Ambiente e



Ordenación do Territorio, correspondéndolle a xestión do sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos.

De acordo co artigo 25 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia (“A Sociedade Galega do Medio Ambiente”):

*“1. A Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., cuxa creación foi acordada polo Decreto 111/1992, do 11 de abril, é unha sociedade pública autonómica, dependente da consellaría competente en materia de residuos, á que corresponden as seguintes funcións:*

*a) A xestión dos residuos domésticos a partir do momento en que son depositados nas estacións de transferencia, coas consecuentes operacións de transporte, almacenaxe, valorización, tratamento, comercialización e depósito controlado de residuos.*

*b) A xestión daqueles outros residuos que figuren no seu obxecto social.*

*c) A realización de accións para a mellora da xestión e prevención de residuos, incluídas as actuacións de formación e sensibilización.*

*d) Calquera outra que lle sexa atribuída e que teña relación co seu obxecto social.*

*2. A xestión da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. realizarase de tal forma que se garanta o cumprimento dos obxectivos marcados nesta lei e na planificación autonómica na materia de residuos.*

*3. Para o cumprimento dos seus fins, a Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. poderá desenvolver as súas actividades total ou parcialmente mediante a titularidade de accións ou de participacións en sociedades con obxecto idéntico ou análogo”.*

Pola súa banda, de acordo co indicado na Disposición adicional terceira (“Sistema promovido pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a xestión institucional dos residuos domésticos”) da Lei 6/2021:

*“O sistema promovido pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a xestión institucional dos residuos domésticos seguirá a ser xestionado pola*



*Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., de conformidade co previsto nesta lei e na disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014”.*

A Disposición Adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014 (Garantía de sustentabilidade financeira do sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos), determina no seu apartado Un:

*“O sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos, xestionado de acordo co disposto na Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, pola sociedade do sector público autonómico Sociedade Galega do Medio Ambiente, configúrase como un modo de xestión colectiva dos residuos municipais cuxa finalidade de interese xeral é a de conseguir en cooperación coas entidades locais adheridas ao sistema o mellor resultado ambiental global no tratamento dos residuos domésticos procurando a máxima eficiencia no uso dos recursos públicos.*

*O sistema deberá asegurar, mediante a valorización enerxética e material dos residuos domésticos e a eliminación en vertedoiro controlado da fracción dos devanditos residuos para os cales non caiba ningún outro tratamento contemplado pola lexislación vixente, que a xestión integrada dos residuos efectúase garantindo o cumprimento de todos os obxectivos establecidos nos correspondentes plans de residuos, cuns niveis máximos de protección ambiental, buscando un custo homoxéneo e o máis reducido posible para todas as entidades locais adheridas a este sistema”.*

4.- Polo que respecta á Deputación Provincial de Ourense e aos concellos, ademais das previsións da Lei 7/1985, de bases de réxime local, debe terse en conta o artigo 9 da Lei 6/2021 que regula as “competencias das entidades locais” nos seguintes termos, aos efectos que interesan para o presente informe:

*“1. As entidades locais son competentes para a xestión dos residuos nos termos sinalados na normativa básica estatal e nesta lei.*



(...)

### 3. As entidades locais poderán:

(..)

*f) Realizar as súas actividades de xestión de residuos directamente ou mediante calquera outra forma de xestión prevista na lexislación sobre réxime local. Estas actividades poderán ser levadas a cabo por cada entidade local de forma independente ou mediante asociación de varias entidades locais”.*

5.- O artigo 11 da Lei 6/2021 regula a “*Coordinación, colaboración e cooperación interadministrativas*”, “*coa finalidade de realizar as accións necesarias para a consecución dos obxectivos establecidos nesta lei e na planificación en materia de residuos, será promovida a coordinación entre as administracións autonómica e local, así como a colaboración e cooperación coa estatal, no que se refire ao seu réxime de competencias.*

2. *A fin de asegurar a coherencia da actuación das administracións públicas de Galicia, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia utilizará os procedementos previstos na normativa de réxime local. Coa mesma finalidade, e de conformidade co disposto na normativa básica estatal en materia de réxime local e nos artigos 205 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, o Consello da Xunta terá a facultade de coordinar a actuación das entidades locais e, en especial, das deputacións provinciais, cando as actividades ou os servizos locais necesarios para a consecución dos obxectivos previstos nesta lei transcendan o interese propio das correspondentes entidades locais, incidan ou condicionen de forma relevante os da Administración autonómica ou sexan concorrentes ou complementarios dos desta.*

3. *A potestade de coordinación a que se refire o número anterior exercerase a través dos programas de prevención e xestión de residuos aprobados pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, que fixarán os obxectivos e prioridades da*



*acción pública en materia de residuos e a vinculación das entidades locais ao seu contido, nos termos previstos na lexislación básica e nesta lei”.*

A función das plantas de transferencia é permitir o transvasamento dos residuos desde os camións de recollida a colectores de maior capacidade e máis adecuados para o transporte a longa distancia (así se fai constar no Plan de xestión de residuos orgánicos de Galicia 2010-2020, Liña 9.1- Ampliación da rede de plantas de transferencia; p. 167; no mesmo sentido, páxina web de Sogama).

O convenio remitido a informe ten por obxecto regular a cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e Sogama en relación coa xestión de 11 microplantas de transferencia de residuos sólidos urbanos. Estas 11 microplantas, relacionadas no anexo do convenio, son de titularidade da Deputación e, mediante o convenio, mantense a súa integración no sistema de xestión de residuos urbanos promovido pola Xunta de Galicia e xestionado, de acordo coa Lei 6/2021, por Sogama. En consecuencia, mediante este convenio faise efectiva a finalidade de interese xeral do sistema que, como sinala a Disposición Adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, persegue *“conseguir en cooperación coas entidades locais adheridas ao sistema o mellor resultado ambiental global no tratamento dos residuos domésticos procurando a máxima eficiencia no uso dos recursos públicos”*.

En relación con este extremo indícase na memoria xustificativa do convenio remitido a informe:

*“O vixente Plan Xeneral de Residuos Sólidos Urbanos 2010-2022 mantén a planificación das instalacións de tratamento actuais na zona sur de Galicia e, polo tanto xustifica tamén a continuidade da colaboración entre ambas partes.*

*Sendo mais vantaxoso o sistema de xestión das microplantas para todos os implicados, e, en última instancia, para os cidadáns é polo que se propón un novo convenio de colaboración entre esta Administración e a mercantil autónoma SOGAMA ao mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos e contribuír á realización de actividades de utilidade pública.*



*Sendo mais vantaxoso ou sistema de xestión das microplantas para todos vos implicados, e, en última instancia, para vos cidadáns é polo que se propón un novo convenio de colaboración entre esta Administración e a mercantil autonómica SOGAMA ao mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos e contribuír á realización de actividades de utilidade pública”.*

#### 6.- RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO:

O convenio é un convenio de colaboración a subscribir entre unha Administración Pública local (Deputación provincial de Ourense) e unha persoa xurídica suxeita ao dereito privado (SOGAMA), caracterizada ademais esta última pola súa condición de sociedade mercantil pública, integrada no sector público autonómico galego, con condición de poder adjudicador, e á que, de acordo coa Lei galega de residuos -Lei 6/2021- correspóndelle a xestión do sistema autonómico para a xestión institucional dos residuos domésticos. En consecuencia, é un convenio administrativo de acordo co previsto no artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (suposto previsto na letra c do artigo 47, apartado 2, “*convenios asinados entre unha Administración Pública ou organismo ou entidade de dereito público e un suxeito de Dereito privado*”), e o seu réxime xurídico é o previsto nos artigos 47 e ss da Lei 40/2015.

O convenio non está suxeito á normativa de contratos públicos de acordo co artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

7.- O convenio remitido a informe cumpre os requisitos esixidos pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, debendo destacar en particular:

- Desde un punto de vista formal, o convenio acompáñase da correspondente memoria xustificativa, na que se analiza “*a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, así como o cumprimento do previsto nesta Lei*” (artigo 50.1 da lei 40/2015). Ademais, cumpre coas



esixencias do artigo 49 da Lei 40/2015 en canto ao contido do convenio e o seu prazo de vixencia.

- Desde o punto de vista material cabe destacar:

a.- Tal e como se xustifica no propio convenio e na memoria xustificativa que o acompaña, o convenio cumpre coas esixencias dos apartados 3 e 6 do artigo 48 da Lei 40/2015 (*“3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira”*; e *“6. As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio”*).

b.- Mención especial, dada a insistencia da Lei 40/2015 ao respecto, é a relativa ao carácter non contractual do obxecto do convenio -determinante da non suxeición á normativa de contratos públicos e da aplicación da Lei 40/2015: como xa se sinalou, o convenio instrumenta a colaboración entre dous poderes adjudicadores para garantir que os servizos públicos que lles incumben préstanse de modo que se logren os obxectivos que teñen en común, guiándose, exclusivamente, por consideracións de interese público e dentro dos límites do artigo 12.4 da Directiva 2014/24/UE, do Parlamento e do Consello, do 26 de febreiro, sobre contratación pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE e do artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP). Así, procede destacar, partindo dos requisitos contidos no artigo 6.1 da LCSP e do artigo 12.4 da Directiva, o seguinte:

- O convenio instrumenta a colaboración entre dous poderes adjudicadores para garantir que os servizos públicos que lles incumben, que son a xestión colectiva dos residuos municipais a través do sistema autonómico para a xestión institucional dos residuos domésticos, de acordo co previsto na Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia e o Plan General de Residuos Sólidos Urbanos 2010-2022;



- Estes servizos públicos que lles incumben préstanse de xeito que se logren os obxectivos que teñen en común: Así, ademais de cumprir as competencias e funcións que teñen legalmente asignadas en materia de residuos (en concreto, respecto de Sogama: art. 25 Lei 6/2021), perseguen, de acordo coa Disposición Adicional vixésimo primeira, apartado Un da Ley 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014, lograr “... o mellor resultado ambiental global no tratamento dos residuos domésticos procurando a máxima eficiencia no uso dos recursos públicos” .

- A colaboración que instrumenta o convenio se guía, exclusivamente, por consideracións de interese público: véxase ao respecto o réxime económico do convenio, que se traduce no pago dunha compensación de parte dos gastos que supón para a Deputación a xestión das microplantas, o que pon de manifesto a repartición de cargas económicas entre os poderes adjudicadores que asinan o convenio e exclúe o seu carácter oneroso. Por outra banda, en relación con este requisito, ténganse en conta os aforros que, de acordo coa memoria, este sistema supón para Sogama e adicionalmente os seus efectos positivos sobre o medio ambiente ao reducir o número de quilómetros para o traslado do lixo que a utilización destas plantas supón.

- Finalmente, esta colaboración respecta os límites do artigo 12.4 da Directiva 2014/24/UE, e do artigo 6.1.a) da LCSP, que esixen que as entidades intervintes non teñan “*vocación de mercado, la cual se presumirá cuando realicen en el mercado abierto un porcentaje igual o superior al 20 por ciento de las actividades objeto de colaboración*”. No presente caso, nin Sogama nin a Deputación realizan en mercado aberto, á marxe do sistema institucionalizado de residuos domésticos, as actividades obxecto do convenio.

Cabe mencionar en relación coa falta de contido contractual desta colaboración as conclusións da sentenza do TJUE (Gran Sala), do 9 de xuño de 2009, asunto C-480/06 (ECLI:EU:C:2009:357), caso Comisión das Comunidades Europeas contra Alemaña (TJCE 2009\162), coñecido como asunto Hamburgo (en particular apartado 47) e os considerandos (5, 31 e 33 en particular) da Directiva 2014/24/CE.



8.- Finalmente, tal e como se indica na petición de informe, de acordo coa Disposición Adicional 2ª da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, o convenio precisa da autorización previa do Consello da Xunta, por razón da súa contía e do carácter plurianual das súas obrigacións.

Por último, lémbrese que, de acordo co artigo 53 da Lei 40/2015, o convenio deberá remitirse ao Consello de Contas de Galicia no prazo dos tres meses seguintes á súa subscrición (por implicar compromisos económicos superiores a 600.000 €).

De acordo con todo o exposto, emítese informe favorable do convenio remitido para informe, que se engade como anexo do presente informe. Se suxire a corrección do erro tipográfico indicado no punto 1 deste informe.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2021.

A letrada da Xunta

Isabel Torralba Mena

SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE – SOGAMA



ANEXO – TEXTO DO CONVENIO INFORMADO

**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E A SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE SA PARA A XESTIÓN DAS PLANTAS DE TRANSFERENCIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NA PROVINCIA DE OURENSE**

No Complexo Medioambiental de Cerceda o @ de @@@ de 2021 comparecen:

Dunha parte, **Don Manuel Baltar Blanco**, con DNI núm. 34.962.672-G, **na súa condición de Presidente da Deputación Provincial de Ourense** con CIF núm. P-3200000-B, actuando en representación da entidade local de conformidade có previsto no artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e do Decreto de Delegación da Presidencia de data 21 de decembro do 2016.

Doutra parte, **Don Javier Domínguez Lino** con DNI núm. 35.311.596-H, **na súa condición de Presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.** (en adiante SOGAMA) con CIF núm. A15379803, actuando en representación da sociedade mercantil pública segundo o acordo do Consello de Administración de 15 de febreiro do 2015.

Da fe do acto don Juan Marquina Fuentes, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Ourense.

As partes comparecentes recoñécense plena capacidade para o outorgamento do presente convenio de cooperación, e na súa virtude



## EXPOÑEN

1. Que, ao abeiro do establecido no artigo 25.1.a) da Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, SOGAMA ten asignada a función de xestión dos residuos urbanos a partir do momento no que son depositados nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento previstas no Plan de Xestión de Residuos Urbanos.
2. Que, de conformidade co disposto na lexislación de réxime local e no artigo 9 e concordantes da Lei de Residuos e solos contaminados de Galicia, os concellos ostentan a competencia da recollida, transporte e valorización e eliminación dos residuos sólidos urbanos. Pola súa parte, a Deputación Provincial de Ourense, de conformidade co establecido no normativa aplicable as entidades locais, e de acordo con establecido no artigo 9.. f) da Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, ten como a atribución de cooperación cos concellos en materia de xestión de residuos .
3. O sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos, xestionado de acordo co disposto na Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, configúrase como un modo de xestión colectiva dos residuos municipais cuxa finalidade de interese xeral é a de conseguir, en cooperación coas entidades locais adheridas ao sistema, o mellor resultado ambiental global no tratamento dos residuos domésticos procurando a máxima eficiencia no uso dos recursos públicos.
4. Na provincia de Ourense SOGAMA construíu e xestiona dúas plantas de transferencia de residuos e a Deputación Provincial de Ourense, en execución do Plan Provincial de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos financiado con cargo ao Fondo de Cohesión, construíu once microplantas de transferencia de residuos sólidos urbanos na provincia de Ourense.





5. Por acordo Plenario de 28 de abril de 2006 declarouse como servizo público supramunicipal de competencia provincial a prestación do servizo de transferencia de residuos sólidos urbanos a través das microplantas de transferencia de ámbito supramunicipal sendo xestionadas polas mancomunidades ás que pertencen a maior parte dos municipios definidos no seu ámbito territorial, por delegación da Deputación Provincial de Ourense.
6. No ano 2010 asinouse un Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e SOGAMA para a xestión das microplantas de transferencia de residuos sólidos urbanos da provincia de Ourense cunha vixencia de catro anos que se prorrogou por dous anos máis por acordo do Pleno Provincial de 27 de decembro do 2013. Neste convenio a Deputación Provincial de Ourense cedíalle trinta e sete colectores de alta capacidade para transporte de lixo por estrada a SOGAMA e mantiña a xestión do funcionamento das microplantas da súa titularidade mentres que SOGAMA debía destinar os equipos cedidos ao seu uso no sistema integrado de xestión de residuos sólidos urbanos na provincia de Ourense, recolle-los residuos tratados nas microplantas provinciais, asumindo a súa titularidade dende a entrega e aboarlle a Deputación Provincial de Ourense as cantidades de 2.700 €/unidade, IVE excluído, pola entrega dos 37 colectores e 3,65 €, IVE excluído, por cada tonelada de lixo entregada.
7. A finais do ano 2016 firmouse un novo convenio cunha vixencia ata o 30 de xuño do 2017 no que a Deputación provincial xestionaba e asumía o funcionamento das microplantas, ben directamente ou ben a través das mancomunidades e SOGAMA recollía os residuos e aboando a Deputación provincial unha cantidade por tonelada entregada, como compensación aos gastos que, no sistema de xestión integral encomendado a Sogama, realiza a Deputación Provincial.
8. En xuño de 2017, asinase un novo convenio con vixencia ata 2021, coa finalidade de continuar a cooperación entre ambas entidades, na mesma liña de procurar mediante dita cooperación, a consecución dunha



redución de custos e eficiencia na prestación do servizo público de xestión dos residuos domiciliarios.

9. A experiencia demostra as vantaxes de este sistema:

- a. As vantaxes para a Deputación no suposto de levar a cabo a xestión de forma directa ou para as Mancomunidades de ser a xestión indirecta é que garante que o financiamento da maior parte do custo de xestión das microplantas
- b. As vantaxes para os Concellos é que reduce drasticamente os custos de transporte do lixo
- c. As vantaxes para SOGAMA é que reduce os custos de loxística que debe soportar no caso de que tivese que construír as dúas ecoplantas previstas inicialmente así como o aforro nos custes de construción, xestión e mantemento.

Polo exposto, as partes, trala autorización previa do Presidente da Deputación Provincial de Ourense, acordan a sinatura do presente convenio de cooperación conforme coas seguintes:

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto regula-la cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e SOGAMA para a xestión das once microplantas de transferencia de residuos sólidos urbanos propiedade da Deputación Provincial que se relacionan no anexo e que teñen a condición de bens de dominio público e servizo público.

En virtude do presente convenio as once microplantas seguirán a estar integradas funcionalmente no sistema institucional de xestión de residuos urbanos que xestiona SOGAMA, sen prexuízo do mantemento da súa titularidade provincial.



## **Segunda.- Prestacións a que se obrigan as partes**

A **Deputación Provincial de Ourense** xestionara o funcionamento das microplantas de conformidade coas normas, directrices e prescricións técnicas establecidas no Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia e en condicións que permitan a entrega dos residuos a SOGAMA. A xestión poderá ser realizada directamente pola Deputación ou delegada nas mancomunidades da provincia a través de calquera das formas de xestión previstas na vixente lexislación de réxime local para a xestión dos servizos públicos.

A Deputación Provincial de Ourense ou as mancomunidades delegadas unicamente admitirán nas súas plantas residuos procedentes de concellos ou outras entidades locais integradas no sistema de xestión de residuos de SOGAMA que teñan contrato de servizo en vigor con esta sociedade pública.

**SOGAMA** realizará a favor da Deputación Provincial de Ourense as seguintes prestacións:

1. Recoller os residuos tratados nas microplantas provinciais, asumindo a súa propiedade dende a entrega e procedente a súa completa xestión a partir desde momento
2. Aboarlle á Deputación Provincial de Ourense a cantidade de 4,90 €/unidade, IVE excluído, por cada tonelada de lixo entregada.

O pagamento destas cantidades realizarase no prazo máximo de noventa días a partir da emisión da correspondente factura pola Deputación Provincial de Ourense. A demora no pago por parte de SOGAMA determinará para a Deputación Provincial de Ourense o dereito a percibi-los xuros legais previstos na lexislación de contratos do sector público. En todo caso, será condición imprescindible para o aboamento dos importes anteriores que a Deputación presente as correspondentes facturas.



Tendo en conta unha estimación de 46.616 toneladas de residuos ao ano xestionadas nas once instalacións de transferencia, o importe estimado do convenio para SOGAMA e de 913.673,60 euros sen IVE para os catro anos de duración (1.105.545,06 euros IVE engadido).

Na realización das prestacións previstas no presente convenio, as partes observarán tódalas esixencias medioambientais contidas na lexislación e as esixidas pola autoridade medioambiental competente.

### **Terceira.- Comisión de Seguimento, Vixilancia e Control.**

Constitúese unha comisión de seguimento, vixilancia e control, coas funcións xenéricas que a súa denominación indica, integrada por un representante da Deputación Provincial de Ourense e un representante de SOGAMA, designados polo órgano competente de cada entidade. As funcións de presidencia da comisión corresponderanlle ao representante da Deputación. A secretaría da comisión corresponderalle ao Secretario xeral da Deputación, con voz e sen voto.

O funcionamento desta comisión axustarase ao disposto para os órganos colexiados establecidas na Sección 3 do Capítulo II da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

En particular, corresponderanlle as seguintes funcións:

1. Estudar e propoñe-las modificacións ou adicións ao presente convenio que se estimen oportunas
2. Interpretar, con carácter executivo, o presente convenio, así como resolver do mesmo xeito as posibles discrepancias que xurdan na súa aplicación, sen prexuízo da posibilidade de que as partes presenten os correspondentes recursos impugnando os actos que dite a comisión no exercicio desta función



3. Informar preceptivamente os supostos de resolución e liquidación do presente convenio.

#### **Cuarta. Eficacia temporal do convenio**

O presente convenio terá unha vixencia de 4 anos a partir da súa entrada en vigor o 1 de xullo de 2021.

#### **Quinta.- Causas de resolución do convenio**

1. Serán causas de resolución do convenio as seguintes:
  - a. Polas causas establecidas no artigo 51.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público
  - b. Por denuncia de calquera das súas partes, formulada cunha antelación mínima de tres meses.
  - c. Por incumprimento de obrigas convencionais esenciais. Nestes supostos a entidade interesada en resolve-lo convenio porá en coñecemento da comisión de seguimento, vixilancia e control a existencia de dita causa de resolución e a súa intención de resolvelo. Unha vez realizada esta comunicación á presidencia da comisión, esta procederá a convoca-la, e deberá reunirse nun prazo máximo de quince días hábiles, co fin de emitir informe sobre a procedencia da resolución. Emitido o informe da comisión, a entidade interesada adoptará a resolución que proceda, contra o que caberá o exercicio das accións legalmente previstas no ordenamento xurídico.
2. Unha vez resolto o convenio este entrará en fase de liquidación que formulará a comisión de seguimento, vixilancia e control, e na que se incluírán os danos e perdas ocasionados polo incumprimento de obrigas convencionais, de se-lo caso. O acordo de liquidación será susceptible de revisión de conformidade coa lexislación vixente.



O pago das obrigas derivadas da dita liquidación poderá reclamárselle a entidade que se considere responsable e deberá ser aboada nos termos establecidos no artigo 52.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público. Contra o rexeitamento expreso ou tácito poderán interpoñerse os recursos e exercerse as accións contempladas no ordenamento vixente.

### **Sexta.- Relación Laboral**

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e SOGAMA, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento do mesmo.

### **Sétima.- Publicidade**

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

### **Oitava.- Convenios anteriores**

Tanto a Deputación Provincial de Ourense como SOGAMA renuncian expresamente a calquera reclamación ou acción administrativa ou xudicial que lles puidese corresponder con respecto aos convenios anteriores asinados polas partes en relación coas microplantas de transferencia da provincia de Ourense.



## **Novena.- Natureza xurídica. Xurisdición competente**

O presente convenio constitúe un negocio xurídico excluído do ámbito subxectivo da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 6, ao concorrer as circunstancias establecidas na mencionada Lei sobre contratación pública. A súa natureza é a dun convenio de carácter administrativo de colaboración no marco do Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia, entre unha administración pública e unha sociedade mercantil pública encargada da xestión do sistema institucional de residuos urbanos de Galicia. En consecuencia, correspóndelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativo a resolución das cuestións relativas á súa validez, interpretación, execución, efectos e extinción.

E, en proba de conformidade, asinan dixitalmente o presente documento a un só efecto,

POR SOGAMA

POLA DEPUTACIÓN PROVINCIA DE  
OURENSE

**Javier Domínguez Lino**

**@@@@@**

Dou fe, o Secretario Xeral

**@@@@@@@@**





## ANEXO

<b>PLANTA</b>	<b>ÁMBITO TERRITORIAL</b>	<b>TIPO</b>
O Carballiño	O Carballiño	T4
O Ribeiro	Beade	T3
Terra de Celanova	Celanova	T3
A Limia	Xinzo de Limia	T4
Monterrei	Verín	T3
Santa Águeda	A Peroxa	T2
Ourense	Maceda	T2
Navea-Bibei	A Pobra de Trives	T2
Baixa Limia	Muíños	T2
Conxo-Frieiras	A Gudiña	T2
Viana do Bolo	Viana do Bolo	T2





**XUNTA DE GALICIA**  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO

Edificio administrativo de San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
A Coruña  
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896  
asesoria.xuridica.xeral@xunta.gal

CVE: ngr40SdY14  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



**Xacobeo 21-22**

## **5. Certificado de existencia de crédito suficiente**

Achégase certificación.

**Asunto: Existencia de crédito abondo expediente tramitación Convenio de cooperación**

D. Javier Domínguez Lino, en calidade de Presidente da SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A. co fin de tramitar a autorización do Consello da Xunta (Disposición Adicional segunda da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno) do expediente relativo o “Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e a Sociedade Galega do Medio Ambiente SA para a xestión das plantas de transferencia de residuos sólidos urbanos na provincia de Ourense”.

CERTIFICO que:

A Sociedade á que represento dispón de orzamento abondo para atender as obrigas do “Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e a Sociedade Galega do Medio Ambiente SA para a xestión das plantas de transferencia de residuos sólidos urbanos na provincia de Ourense”, conforme as seguintes anualidades:

Anualidad	Nº de meses	Estimación de toneladas	€/Tn	Importe € sen IVE	Importe € IVE INCLUIDO (10%)
2021 (desde Julio hasta diciembre)	6	23.308,00	4,90	114.209,20 €	125.630,12 €
2022	12	46.616,00	4,90	228.418,40 €	251.260,24 €
2023	12	46.616,00	4,90	228.418,40 €	251.260,24 €
2024	12	46.616,00	4,90	228.418,40 €	251.260,24 €
2025 (desde enero hasta Junio)	6	23.308,00	4,90	114.209,20 €	125.630,12 €
<b>Total</b>	<b>48</b>	<b>186.464,00</b>		<b>913.673,60 €</b>	<b>1.005.040,96 €</b>

E para que así conste, aos efectos oportunos, expide a presente, no lugar e data expresados no encabezamento.

35311596H JAVIER  
DOMINGUEZ (R:  
A15379803)

Presidente

Javier Domínguez Lino

Firmado digitalmente por: 35311596H JAVIER DOMINGUEZ (R: A15379803)  
Nombre de reconocimiento (DN): 2.5.4.13=RefAEAT/AEAT0381/PUESTO 1/37477/19012021121720, serialNumber=IDCES-35311596H, givenName=JAVIER, sn=DOMINGUEZ LINO, cn=35311596H JAVIER DOMINGUEZ (R: A15379803), 2.5.4.97=VATES-A15379803, o=SOCIEDADE GALEGA DO MEDIOAMBIENTE SA, c=ES  
Fecha: 2021.05.24 13:16:24 +02'00'

## **6. Certificado artigo 14 da Lei 2/2011**

Achégase certificación.



Asunción Villa Alvarez con DNI 32.777.464 A en calidade de Xefa da Area Económica da Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA, S.A.),

### CERTIFICO

Que o expediente para a tramitación do “Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e a Sociedade Galega do Medio Ambiente SA para a xestión das plantas de transferencia de residuos sólidos urbanos na provincia de Ourense” financíase a través de ingresos comerciais e sen aportación algunha das transferencias da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas.

O presente certificado se achega a fin de dar cumprimento ao establecido no art. 14 da Lei 2/2011 de 16 de Xuño, de disciplina orzamentaria e sostenibilidade financeira (DOG de 29 de Xuño de 2011),

Cerceda, 24 de maio de 2021

VILLA  
ALVAREZ  
MARIA  
ASUNCION -  
32777464A

Firmado digitalmente por VILLA  
ALVAREZ MARIA ASUNCION -  
32777464A  
DN: cn=ES,  
SERIALNUMBER=10068-32777464A,  
o=MARIA ASUNCION, sn=VILLA  
ALVAREZ, cn=VILLA ALVAREZ  
MARIA ASUNCION - 32777464A  
Razón: Yo soy el autor de este  
documento  
Ubicación:  
Fecha: 24/05/2021 11:02:30

Asdo. Asunción Villa Alvarez  
Xefa da Área Económica

## 7. Partida presupuestaria en el PAIF 2021

La cuantía del convenio entre Sogama y la Diputación de Orense para el período de los cuatro años asciende a:

Anualidad	Nº de meses	Estimación de toneladas	€/Tn	Importe € sen IVE	Importe € IVE INCLUIDO (10%)
2021 (desde Julio hasta diciembre)	6	23.308,00	4,90	114.209,20 €	125.630,12 €
2022	12	46.616,00	4,90	228.418,40 €	251.260,24 €
2023	12	46.616,00	4,90	228.418,40 €	251.260,24 €
2024	12	46.616,00	4,90	228.418,40 €	251.260,24 €
2025 (desde enero hasta Junio)	6	23.308,00	4,90	114.209,20 €	125.630,12 €
<b>Total</b>	<b>48</b>	<b>186.464,00</b>		<b>913.673,60 €</b>	<b>1.005.040,96 €</b>

En el presupuesto de explotación 2021 (SPA 03) la partida de Servicios Exteriores asciende a 92.824.282,00 euros. La partida de Servicios Exteriores se desglosa en la ficha SPA\_SE en dónde figura el importe consignado en el presupuesto para la Transferencia de residuos urbanos con un importe de 4.060.396,00 euros. Se adjuntan los formularios relacionados del PAIF 2021.

## ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2021

SPA.03

## ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

Entidade: SOC. GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, S.A.

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	REAL	ESTIM	PREVISIÓN		
		2019	2020	2021	2022	2023
	<b>A) OPERACIONES CONTINUADAS</b>					
	1. Importe neto da cifra de negocios	112.096.463,00	109.647.090,00	111.730.997,00	113.413.839,00	115.914.917,00
	a) Ventas	47.637.100,00	45.823.995,00	46.408.338,00	45.967.277,00	45.865.250,00
	b) Prestacións de servizos	64.459.363,00	63.823.095,00	65.322.659,00	67.446.562,00	70.049.667,00
	2. Variación de existencias de ptos terminados e en curso de fabricac.	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo.	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	4. Aprovisionamentos	-1.304.761,00	-894.193,00	-832.348,00	-823.641,00	-830.950,00
	Consumo de mercaderías	-1.304.761,00	-894.193,00	-832.348,00	-823.641,00	-830.950,00
	Consumo de materias primas e outras materias consumibles	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	Traballos realizados por outras empresas	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	Deterioro de mercaderías, materias primas e outros aprovisionamentos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	5. Outros ingresos de explotación	955.410,00	839.073,00	600.000,00	600.000,00	600.000,00
	Ingresos accesorios e outros de xestión corrente	941.548,00	839.073,00	600.000,00	600.000,00	600.000,00
	Subvencións de explotación incorporadas ó resultado exercicio	13.862,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	6. Gastos de persoal	-1.298.507,00	-1.365.743,00	-1.501.622,00	-1.501.622,00	-1.501.622,00
	Soldos, salarios e asimilados	-1.012.438,00	-1.062.254,00	-1.155.360,00	-1.155.360,00	-1.155.360,00
	Cargas sociais	-286.069,00	-303.489,00	-346.262,00	-346.262,00	-346.262,00
	Provisións	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	7. Outros gastos de explotación	-92.806.655,00	-94.704.644,00	-97.843.670,00	-98.413.390,00	-100.309.853,00
	Servizos exteriores	-89.056.174,00	-90.240.211,00	-92.824.282,00	-93.426.984,00	-95.328.326,00
	Tributos	-3.750.481,00	-4.070.149,00	-4.457.751,00	-4.424.769,00	-4.419.890,00
	Perdas, deterioros e variacións de provisións por operacións comerciais	0,00	-394.284,00	-371.637,00	-371.637,00	-371.637,00
	Outros gastos de xestión corrente	0,00	0,00	-190.000,00	-190.000,00	-190.000,00
	8. Amortización do inmovilizado	-11.426.734,00	-11.797.616,00	-12.829.079,00	-13.072.669,00	-12.829.079,00
	Amortización do inmovilizado intanxible	-36.686,00	-48.546,00	-20.233,00	-20.233,00	-20.233,00
	Amortización do inmovilizado material	-11.390.048,00	-11.749.070,00	-12.808.846,00	-13.052.436,00	-12.808.846,00
	Amortización das inversións inmobiliarias	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	9. Imputación de subvencións do inmovilizado non financeiro e outras.	3.004.496,00	2.982.964,00	2.944.244,00	2.944.244,00	2.944.244,00
	10. Excesos de provisións	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

## ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2021

SPA\_SE

## MEMORIA. SERVIZOS EXTERIORES

Entidade: SOC. GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, S.A.

DESCRICIÓN	REAL	ESTIM	PREVISIÓN		
	2019	2020	2021	2022	2023
O&M Planta Termoeléctrica e Planta de Coxeración	17.359.950,00	15.940.507,00	16.831.495,00	18.227.188,00	18.541.641,00
Transporte BN+BA	16.528.744,00	17.575.636,00	16.749.690,00	17.395.046,00	17.756.190,00
Combustibles	11.596.090,00	12.569.021,00	11.459.170,00	10.769.897,00	10.985.295,00
O&M PRTE	16.839.489,00	17.315.177,00	17.822.916,00	18.569.802,00	19.343.490,00
O&M Vertedoiro Areosa	7.228.862,00	7.344.033,00	5.985.581,00	5.874.597,00	5.875.615,00
Xestión da planta de compostaxe	0,00	93.180,00	14.091,00	30.744,00	138.348,00
Energía SSAA	4.811.603,00	5.503.953,00	5.891.256,00	5.026.870,00	4.997.678,00
Servizos Exteriores Transferencia de Residuos Urbanos	3.751.126,00	4.033.014,00	4.060.396,00	4.068.526,00	4.219.993,00
Resto de Servizos Exteriores	4.094.137,00	4.383.633,00	4.783.240,00	4.783.240,00	4.783.240,00
Servizos Exteriores Depuración de augas	1.019.186,00	2.730.192,00	2.271.893,00	1.711.404,00	1.711.404,00
Servizos Exteriores Consumo de aditivos	1.912.392,00	2.200.950,00	2.262.174,00	2.277.289,00	2.283.052,00
Servizos Exteriores Selección de envases lixeiros	2.463.275,00	2.534.277,00	2.847.713,00	2.847.713,00	2.847.713,00
Servizos Exteriores Secretaria Xeral	644.443,00	975.097,00	975.097,00	975.097,00	975.097,00
O&M Biogás	267.487,00	361.553,00	232.070,00	232.070,00	232.070,00
Servizos Exteriores Recuperación vidro	539.390,00	525.000,00	637.500,00	637.500,00	637.500,00
<b>TOTAL</b>	<b>89.056.174,00</b>	<b>94.085.223,00</b>	<b>92.824.282,00</b>	<b>93.426.983,00</b>	<b>95.328.326,00</b>

## **8. Borrador Convenio coa Deputación Provincial de Ourense**

Achégase borrador do Convenio coa Deputación Provincial de Ourense.

**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE  
OURENSE E A SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE SA PARA A  
XESTIÓN DAS PLANTAS DE TRANSFERENCIA DE RESIDUOS SÓLIDOS  
URBANOS NA PROVINCIA DE OURENSE**

No Complexo Medioambiental de Cerceda o @ de @@@ de 2021 comparecen:

Dunha parte, **Don Manuel Baltar Blanco**, con DNI núm. 34.962.672-G, **na súa condición de Presidente da Deputación Provincial de Ourense** con CIF núm. P-3200000-B, actuando en representación da entidade local de conformidade có previsto no artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e do Decreto de Delegación da Presidencia de data 21 de decembro do 2016.

Doutra parte, **Don Javier Domínguez Lino** con DNI núm. 35.311.596-H, **na súa condición de Presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.** (en adiante SOGAMA) con CIF núm. A15379803, actuando en representación da sociedade mercantil pública segundo o acordo do Consello de Administración de 15 de febreiro do 2015.

Da fe do acto don Juan Marquina Fuentes, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Ourense.

As partes comparecentes recoñécense plena capacidade para o outorgamento do presente convenio de cooperación, e na súa virtude

## EXPOÑEN

1. Que, ao abeiro do establecido no artigo 25.1.a) da Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, SOGAMA ten asignada a función de xestión dos residuos urbanos a partir do momento no que son depositados nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento previstas no Plan de Xestión de Residuos Urbanos.
2. Que, de conformidade co disposto na lexislación de réxime local e no artigo 9 e concordantes da Lei de Residuos e solos contaminados de Galicia, os concellos ostentan a competencia da recollida, transporte e valorización e eliminación dos residuos sólidos urbanos. Pola súa parte, a Deputación Provincial de Ourense, de conformidade co establecido no normativa aplicable as entidades locais, e de acordo con establecido no artigo 9.. f) da Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, ten como a atribución de cooperación cos concellos en materia de xestión de residuos .
3. O sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos, xestionado de acordo co disposto na Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, configúrase como un modo de xestión colectiva dos residuos municipais cuxa finalidade de interese xeral é a de conseguir, en cooperación coas entidades locais adheridas ao sistema, o mellor resultado ambiental global no tratamento dos residuos domésticos procurando a máxima eficiencia no uso dos recursos públicos.
4. Na provincia de Ourense SOGAMA construíu e xestiona dúas plantas de transferencia de residuos e a Deputación Provincial de Ourense, en execución do Plan Provincial de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos

financiado con cargo ao Fondo de Cohesión, construíu once microplantas de transferencia de residuos sólidos urbanos na provincia de Ourense.

5. Por acordo Plenario de 28 de abril de 2006 declarouse como servizo público supramunicipal de competencia provincial a prestación do servizo de transferencia de residuos sólidos urbanos a través das microplantas de transferencia de ámbito supramunicipal sendo xestionadas polas mancomunidades ás que pertencen a maior parte dos municipios definidos no seu ámbito territorial, por delegación da Deputación Provincial de Ourense.
6. No ano 2010 asinouse un Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e SOGAMA para a xestión das microplantas de transferencia de residuos sólidos urbanos da provincia de Ourense cunha vixencia de catro anos que se prorrogou por dous anos máis por acordo do Pleno Provincial de 27 de decembro do 2013. Neste convenio a Deputación Provincial de Ourense cedíalle trinta e sete colectores de alta capacidade para transporte de lixo por estrada a SOGAMA e mantiña a xestión do funcionamento das microplantas da súa titularidade mentres que SOGAMA debía destinar os equipos cedidos ao seu uso no sistema integrado de xestión de residuos sólidos urbanos na provincia de Ourense, recolle-los residuos tratados nas microplantas provinciais, asumindo a súa titularidade dende a entrega e aboarlle a Deputación Provincial de Ourense as cantidades de 2.700 €/unidade, IVE excluído, pola entrega dos 37 colectores e 3,65 €, IVE excluído, por cada tonelada de lixo entregada.
7. A finais do ano 2016 firmouse un novo convenio cunha vixencia ata o 30 de xuño do 2017 no que a Deputación provincial xestionaba e asumía o funcionamento das microplantas, ben directamente ou ben a través das

mancomunidades e SOGAMA recollía os residuos e aboando a Deputación provincial unha cantidade por tonelada entregada, como compensación aos gastos que, no sistema de xestión integral encomendado a Sogama, realiza a Deputación Provincial.

8. En xuño de 2017, asinase un novo convenio con vixencia ata 2021, coa finalidade de continuar a cooperación entre ambas entidades, na mesma liña de procurar mediante dita cooperación, a consecución dunha redución de custos e eficiencia na prestación do servizo público de xestión dos residuos domiciliarios.
9. A experiencia demostra as vantaxes de este sistema:
  - a. As vantaxes para a Deputación no suposto de levar a cabo a xestión de forma directa ou para as Mancomunidades de ser a xestión indirecta é que garante que o financiamento da maior parte do custo de xestión das microplantas
  - b. As vantaxes para os Concellos é que reduce drasticamente os custos de transporte do lixo
  - c. As vantaxes para SOGAMA é que reduce os custos de loxística que debe soportar no caso de que tivese que construír as dúas ecoplantas previstas inicialmente así como o aforro nos custes de construción, xestión e mantemento.

Polo exposto, as partes, trala autorización previa do Presidente da Deputación Provincial de Ourense, acordan a sinatura do presente convenio de cooperación conforme coas seguintes:

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto regula-la cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e SOGAMA para a xestión das once microplantas de transferencia de residuos sólidos urbanos propiedade da Deputación Provincial que se relacionan no anexo e que teñen a condición de bens de dominio público e servizo público.

En virtude do presente convenio as once microplantas seguirán a estar integradas funcionalmente no sistema institucional de xestión de residuos urbanos que xestiona SOGAMA, sen prexuízo do mantemento da súa titularidade provincial.

#### **Segunda.- Prestacións a que se obrigan as partes**

A **Deputación Provincial de Ourense** xestionara o funcionamento das microplantas de conformidade coas normas, directrices e prescricións técnicas establecidas no Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia e en condicións que permitan a entrega dos residuos a SOGAMA. A xestión poderá ser realizada directamente pola Deputación ou delegada nas mancomunidades da provincia a través de calquera das formas de xestión previstas na vixente lexislación de réxime local para a xestión dos servizos públicos.

A Deputación Provincial de Ourense ou as mancomunidades delegadas unicamente admitirán nas súas plantas residuos procedentes de concellos ou outras entidades locais integradas no sistema de xestión de residuos de SOGAMA que teñan contrato de servizo en vigor con esta sociedade pública.

**SOGAMA** realizará a favor da Deputación Provincial de Ourense as seguintes prestacións:

1. Recoller os residuos tratados nas microplantas provinciais, asumindo a súa propiedade dende a entrega e proceder a súa completa xestión a partir desde momento
2. Aboarlle á Deputación Provincial de Ourense a cantidade de 4,90 €/unidade, IVE excluído, por cada tonelada de lixo entregada.

O pagamento destas cantidades realizarase no prazo máximo de noventa días a partir da emisión da correspondente factura pola Deputación Provincial de Ourense. A demora no pago por parte de SOGAMA determinará para a Deputación Provincial de Ourense o dereito a percibir os xuros legais previstos na lexislación de contratos do sector público. En todo caso, será condición imprescindible para o aboamento dos importes anteriores que a Deputación presente as correspondentes facturas.

Tendo en conta unha estimación de 46.616 toneladas de residuos ao ano xestionadas nas once instalacións de transferencia, o importe estimado do convenio para SOGAMA e de 913.673,60 euros sen IVE para os catro anos de duración (1.005.040,96 euros IVE engadido).

Na realización das prestacións previstas no presente convenio, as partes observarán tódalas esixencias medioambientais contidas na lexislación e as esixidas pola autoridade medioambiental competente.

### **Terceira.- Comisión de Seguimento, Vixilancia e Control.**

Constitúese unha comisión de seguimento, vixilancia e control, coas funcións xenéricas que a súa denominación indica, integrada por un representante da Deputación Provincial de Ourense e un representante de SOGAMA, designados polo órgano competente de cada entidade. As funcións de presidencia da

comisión corresponderanlle ao representante da Deputación. A secretaría da comisión corresponderalle ao Secretario xeral da Deputación, con voz e sen voto.

O funcionamento desta comisión axustarase ao disposto para os órganos colexiados establecidas na Sección 3 do Capítulo II da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

En particular, corresponderanlle as seguintes funcións:

1. Estudar e propoñe-las modificacións ou adicións ao presente convenio que se estimen oportunas
2. Interpretar, con carácter executivo, o presente convenio, así como resolver do mesmo xeito as posibles discrepancias que xurdan na súa aplicación, sen prexuízo da posibilidade de que as partes presenten os correspondentes recursos impugnando os actos que dite a comisión no exercicio desta función
3. Informar preceptivamente os supostos de resolución e liquidación do presente convenio.

#### **Cuarta. Eficacia temporal do convenio**

O presente convenio terá unha vixencia de 4 anos a partir da súa entrada en vigor o 1 de xullo de 2021.

#### **Quinta.- Causas de resolución do convenio**

1. Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- a. Polas causas establecidas no artigo 51.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público
  - b. Por denuncia de calquera das súas partes, formulada cunha antelación mínima de tres meses.
  - c. Por incumprimento de obrigas convencionais esenciais. Nestes supostos a entidade interesada en resolve-lo convenio porá en coñecemento da comisión de seguimento, vixilancia e control a existencia de dita causa de resolución e a súa intención de resolvelo. Unha vez realizada esta comunicación á presidencia da comisión, esta procederá a convoca-la, e deberá reunirse nun prazo máximo de quince días hábiles, co fin de emitir informe sobre a procedencia da resolución. Emitido o informe da comisión, a entidade interesada adoptará a resolución que proceda, contra o que caberá o exercicio das accións legalmente previstas no ordenamento xurídico.
2. Unha vez resolto o convenio este entrará en fase de liquidación que formulará a comisión de seguimento, vixilancia e control, e na que se incluírán os danos e perdas ocasionados polo incumprimento de obrigas convencionais, de se-lo caso. O acordo de liquidación será susceptible de revisión de conformidade coa lexislación vixente.

O pago das obrigas derivadas da dita liquidación poderá reclamárselle a entidade que se considere responsable e deberá ser aboada nos termos establecidos no artigo 52.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público. Contra o rexeitamento expreso ou tácito poderán interpoñerse os recursos e exercerse as accións contempladas no ordenamento vixente.

#### **Sexta.- Relación Laboral**

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e SOGAMA, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento do mesmo.

#### **Sétima.- Publicidade**

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

#### **Oitava.- Convenios anteriores**

Tanto a Deputación Provincial de Ourense como SOGAMA renuncian expresamente a calquera reclamación ou acción administrativa ou xudicial que lles puidese corresponder con respecto aos convenios anteriores asinados polas partes en relación coas microplantas de transferencia da provincia de Ourense.

#### **Novena.- Natureza xurídica. Xurisdición competente**

O presente convenio constitúe un negocio xurídico excluído do ámbito subxectivo da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector

Público, de conformidade co disposto no artigo 6, ao concorrer as circunstancias establecidas na mencionada Lei sobre contratación pública. A súa natureza é a dun convenio de carácter administrativo de colaboración no marco do Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia, entre unha administración pública e unha sociedade mercantil pública encargada da xestión do sistema institucional de residuos urbanos de Galicia. En consecuencia, correspóndelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativo a resolución das cuestións relativas á súa validez, interpretación, execución, efectos e extinción.

E, en proba de conformidade, asinan dixitalmente o presente documento a un só efecto,

POR SOGAMA

POLA DEPUTACIÓN PROVINCIA DE  
OURENSE

**Javier Domínguez Lino**

**@@@@@**

Dou fe, o Secretario Xeral

**@@@@@@@@**

**ANEXO**

<b>PLANTA</b>	<b>ÁMBITO TERRITORIAL</b>	<b>TIPO</b>
O Carballiño	O Carballiño	T4
O Ribeiro	Beade	T3
Terra de Celanova	Celanova	T3
A Limia	Xinzo de Limia	T4
Monterrei	Verín	T3
Santa Águeda	A Peroxa	T2
Ourense	Maceda	T2
Navea-Bibei	A Pobra de Trives	T2
Baixa Limia	Muíños	T2
Conxo-Frieiras	A Gudiña	T2
Viana do Bolo	Viana do Bolo	T2